



MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE VECIÑANZA PARA A INCLUSIÓN DE CLÁUSULAS SOCIAIS E MEDIOAMBIENTAIS NA CONTRATACIÓN PÚBLICA

Ao Pleno da Corporación de Cuntis

Saleta Fernández de la Torre e Santi Marinez López, na nosa condicións de concelleiros do Grupo Municipal de Veciñanza, ao abeiro do disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presentamos diante do Pleno da Corporación Municipal a seguinte MOCIÓN:

Tendo en conta o seguinte marco normativo:

- **Constitución española (Art. 9 e Art. 40) e Estatuto de Autonomía de Galicia (Art 4)**
- **Comunicación interpretativa sobre a lexislación comunitaria de contratos públicos e as posibilidades de integrar aspectos sociais en ditos contratos (ano 2001)**
- **DIRECTIVA 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, de 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública e pola que se se deroga a Directiva 2004/18/CE**

- Considerando nº 39

As respectivas obrigacións poderían reflexarse en cláusulas contractuais. Tamén debe ser posible incluír cláusulas que garantan o cumprimento de convenios colectivos, de conformidade co Dereito da Unión, nos contratos públicos. O incumprimento das respectivas obrigas podería considerarse unha falta grave do operador económico, podendo conlevar a súa exclusión do procedemento de adxudicación dun contrato público.

- Artigo 18. Principios da contratación

2. Os Estados membros tomarán as medidas pertinentes para garantir que, na execución de contratos públicos, os operadores económicos cumpren as obrigas aplicables en materia medioambiental, social ou laboral establecidas no Dereito da Unión, o Dereito Nacional, os convenios colectivos ou polas disposicións de Dereito internacional medioambiental, social e laboral enumeradas no anexo X.

- Artigo 57. Motivos de exclusión
- Artigo 62. Normas de aseguramento da calidade e normas de xestión medioambiental
- Artigo 67 Criterios de adxudicación do contrato

2. A oferta economicamente máis ventaxosa dende o punto de vista do poder adxudicador determinarase sobre a base do prezo ou coste, utilizando un plantexamento que atenda á relación coste-eficacia, como o cálculo do coste de ciclo de vida consonte o artigo 68, e poderá incluír a mellor relación calidade-prezo, que se avaliará en función de criterios que inclúan aspectos cualitativos, medioambientais e/ou sociais vinculados ó obxecto do contrato público do que se trate.

- Artigo 69. Ofertas anormalmente baixas

1. Os poderes adxudicadores exixirán ós operadores económicos que expliquen o prezo ou os custes propostos na oferta cando as ofertas semellen anormalmente baixas para as obras, os suministros ou os servizos dos caís se trate.

3.(...) *Os poderes adxudicadores rexeitarán a oferta se comprobán que é anormalmente baixa porque non cumpre as obrigacións aplicables contempladas no artigo 18, apartado 2.*

- Artigo 70. Condicións de execución do contrato.

Os poderes adxudicadores poderán establecer condicións especiais relativas á execución do contrato, sempre que estean vencellados ao obxecto do contrato, no sentido do artigo 67, apartado 3, e sempre que se indiquen na convocatoria de licitación ou nos pregos da contratación. Ditas condicións poderán incluír consideracións económicas ou relacionadas coa innovación, consideracións de tipo medioambiental, social, ou relativas ó emprego.

- **DIRECTIVA 2014/23/UE do Parlamento Europeo e do Consello de 26 de febreiro de 2014 relativa á adxudicación de contratos de concesión.**

- Considerando nº 55

En aras dunha integración axeitada de requisitos medioambientais, sociais e laborais nos procedementos de adxudicación de concesións, resulta especialmente importante que os Estados membros e os poderes adxudicadores ou entidades adxudicadoras tomen as medidas pertinentes para velar polo cumprimento das súas obrigas nos ámbitos da lexislación medioambiental, social e laboral, aplicables no lugar no que se realicen as obras ou se presten os servizos, e derivadas de disposicións legais, regulamentarias ou administrativas, tanto nacionais coma da Unión, así coma de convenios colectivos, sempre que ditas disposicións e a súa aplicación cumpran co Dereito da Unión. Do mesmo modo, as obrigas derivadas de acordos internacionais ratificados por todos os Estados membros e enumerados na presente Directiva deben aplicarse durante a execución da concesión. Sen embargo, iso non debe impedir de xeito algún a aplicación de condicións de emprego e traballo máis favorables para os traballadores. As medidas pertinentes débense aplicar en consoancia cos principios básicos do Dereito da Unión, en particular para salvagardar a igualdade de trato. Ditas medidas pertinentes débense aplicar de conformidade coa Directiva 96/71/CE do Parlamento Europeo e do Consello, e dunha forma que garantice a igualdade de trato e non discrimine, directa ou indirectamente, ós operadores económicos e ós traballadores doutros Estado membros.

- **DITAME do Comité Económico e Social Europeo sobre o tema A Economía do Ben Común (EBC): un modelo económico sostible orientado á cohesión social de 17 de setembro de 2015.**

- **REAL DECRETO LEXISLATIVO 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP).**

- Artigo 118. Condicións especiais de execución do contrato.

1. Os órganos de contratación poderán establecer condicións especiais en relación coa execución do contrato, sempre que sexan compatibles co dereito comunitario e se indiquen no anuncio de licitación e no prego ou no contrato. Estas condicións de execución poderán referirse, en especial, a consideracións de tipo ambiental ou a consideracións de tipo social, co fin de promover o emprego de persoas con dificultades particulares de inserción no mercado laboral, eliminar as desigualdades entre o home e a muller no dito mercado, combater o paro, favorecer a formación no lugar de traballo, ou outras finalidades que se establezan con referencia á estratexia coordinada para o emprego, definida no artigo 145 do Tratado de funcionamento da Unión Europea, ou garantir o respecto aos dereitos laborais básicos ao longo da cadea de produción mediante a existencia do cumprimento das convencións fundamentais da Organización Internacional do Traballo.

- Artigo 150. Criterios de valoración das ofertas.

1. Para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa deberá atenderse a criterios directamente vinculados ao obxecto do contrato, tales como a calidade, o prezo, a fórmula utilizable para revisar as retribucións ligadas á utilización da obra ou á prestación do servizo, o prazo de execución ou entrega da prestación, o custo de utilización, as características ambientais ou vinculadas coa satisfacción de exixencias sociais que respondan a necesidades, definidas nas especificacións do contrato, propias das categorías de poboación especialmente desfavorecidas ás cales pertencen os usuarios ou beneficiarios das prestacións que se van contratar, a rendibilidade, o valor técnico, as características estéticas ou funcionais, a dispoñibilidade e custo dos recambios, o mantemento, a asistencia técnica, o servizo posvenda ou outros semellantes

- Disposición adicional quinta. Contratos reservados. (Modificación introducida pola Lei 31/2015, do 9 de

setembro, pola que se modifica e actualiza a normativa en materia de autoemprego e se adoptan medidas de fomento e promoción do traballo autónomo e da economía social.)

Poderá reservarse a participación nos procedementos de adxudicación de contratos a centros especiais de emprego ou reservar a súa execución no marco de programas de emprego protexido, cando polo menos o 70 por 100 dos traballadores afectados sexan persoas con discapacidade que, debido á índole ou á gravidade das súas deficiencias, non poidan exercer unha actividade profesional en condicións normais. No anuncio de licitación deberá facerse referencia á presente disposición.

- **Anteproxecto de Lei de Contratos do Sector Público de abril de 2015**
- **Resolucion 16/2016 do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade de Madrid de 3 de febreiro.**
- **Informe 1/2015 de 17 de marzo da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa de Aragón, sobre integración de aspectos sociais, laborais e medioambientais na contratación.**

EXPOÑEMOS:

En primeiro termo debemos contextualizar a importancia da contratación pública a través dunha serie de datos:

- Supón un 18,5 % do PIB español conforme os datos de 2015 do Observatorio de Contratación Pública, dato que da conta da incidencia desta política pública na economía.
- Por outra banda, o 84% dos concellos do estado español teñen menos de 5000 habitantes.
- Un informe da Comisión Europea do ano 2014 pon cifra á corrupción que asolagou ás institucións no Estado Español en TRECE MIL MILLÓNS DE EUROS, derivada esta fundamentalmente das malas praxes na contratación pública.

Pola transcendencia que deriva destes datos entendemos que a significancia política á hora da importancia de xestionar os recursos públicos no eido local non debe ser considerada como menor, e moito menos, ser subestimada.

A contratación pública é unha das principais ferramentas que teñen as Administracións para desenvolver e executar políticas públicas de carácter social. Malia que nun principio non se configurou como un instrumento vencellado a medidas sociais, na actualidade non cabe dúbida de que esta é titular dunha elevada potencialidade que dende un punto de vista transversal pode e debe incidir positivamente na política económica e particularmente na política social. A contratación pública pode e debe ser unha ferramenta transformadora que contribúa a unha sociedade máis ética e máis sostible, e neste senso **a inclusión de cláusulas sociais e medioambientais na compra pública xoga un papel determinante.**

Trátase de desterrar a concepción tradicional da oferta economicamente máis vantaxosa coma aquela que incorpora o prezo máis barato nos procesos de adxudicación dos contratos públicos e de ampliar o enfoque político – administrativo cara a outras propostas con maior índice de compromiso social, e de considerar a contratación pública como un investimento social, alén de que orzamentariamente se configure coma un gasto.

Indo un paso máis alá, consideramos que a contratación pública debe pivotar, entre outros, nos seguintes aspectos:

- a) Sobre unha **contratación pública estratéxica e responsablemente social** que priorice a búsqueda da eficiencia entendida en termos públicos. A eficiencia non debe basearse unicamente na oferta economicamente máis vantaxosa (como xa apuntamos) fundamentada no prezo máis baixo senón nunha optimización dos recursos públicos coa implementación de verdadeiras políticas públicas mediante a inclusión de cláusulas sociais e medioambientais nas distintas fases do proceso de contratación. **Non podemos falar de eficiencia en termos do significado que deriva da concepción neoliberal e que antepón a rendibilidade económica á salvagarda dos dereitos sociais, a igualdade, a inserción de persoas en risco de exclusión social ou con diversidade funcional, etc.** Falamos dunha verdadeira eficiencia social en atención á consecución do benestar social como principio reitor ao servizo do interese público. Asímesmo, non sobra indicar **o feito de que un procedemento cumpra coa legalidade non implica necesariamente que sexa eficiente socialmente.**
- b) A contratación pública ten que ser sinónimo de políticas públicas en toda a extensión delas, tal e como a propia UE promove mediante a súa reiterada referencia á inclusión de criterios sociais, ambientais, de fixación de pemes, de innovación na compra pública, etc. Nesta liña o **reporte executivo da Estratexia 2020** vén a indicar que a contratación pública é o elemento clave para promover políticas públicas.
- c) Aplicación do **principio de integridade** como principio xurídico que debe rexer a actuación pública, e que lxicamente ademais de estar presente no ordenamento xurídico, vén sendo aplicado polos distintos tribunais administrativos e polo Tribunal Supremo español. A importancia deste principio xurídico radica tanto na súa relación directa co dereito fundamental dos cidadáns a unha boa administración coma na súa funcionalidade de garante fronte á desnaturalización das políticas públicas. É pois fundamental que a administración, neste caso a local, se inspire nel dunha forma proactiva e coherente a través do liderado, compromiso e vontade institucional á que tamén debe acompañar un soporte xurídico e técnico formado e actualizado que garanta así o cumprimento da efectividade das políticas públicas.

A inclusión de criterios sociais e medioambientais nos contratos públicos vén sendo impulsada dende fai tempo por diversas administracións, fundamentalmente locais, que son as que están levando a dianteira nesta materia, a pesar incluso de que a capacidade e iniciativa destas se vira limitada polas reformas lesivas levadas a cabo polo Partido Popular na anterior lexislatura do goberno do Estado, baixo o paraugas de políticas de austeridade, como por exemplo son as medidas contidas na *Lei 27/2013, de 27 de decembro de racionalización e sostibilidade da Administración Local*. Neste sentido son numerosas as entidades locais que publicaron instrucións sobre contratación pública e que veñen aplicando a inclusión de criterios sociais e medioambientais nos seus contratos públicos.

Tendo en conta que a lexislación existente a respecto dos procesos de contratación pública que afecta aos Concellos

permite a aplicación de criterios sociais e medioambientais en ditos procesos e considera a posibilidade de incluír ditos criterios nas condicións previas e pregos de licitación que elaboren as corporacións locais; **é polo tanto plenamente lícito e socialmente desexable incluír ditas cláusulas e condicións en todos os procesos de contratación emprendidos polo Concello**, procesos que deben implicar un uso responsable da contratación como elemento posto ó servizo dos poderes públicos para mellorar as condicións sociais e medioambientais da cidadanía.

Por todo o exposto, sometemos á aprobación do Pleno a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Introducción de cláusulas sociais na contratación pública, como poden ser aquelas que incidan na calidade das condicións de emprego, inserción sociolaboral de colectivos desfavorecidos, con diversidade funcional, políticas de igualdade de xénero, comercio xusto, fixación de pemes etc; e cláusulas medioambientais:
 - Na fase de solvencia incidindo fundamentalmente no escrupuloso cumprimento de todo o que ten a ver coas prohibicións de contratar recollidas no TRLCSP e excluindo das licitacións ás empresas que carezan da debida honorabilidade por motivo de sancións por infraccións graves ou moi graves por resolución administrativa firme ou sentenza xudicial firme no eido social e medioambiental, entre outros.
 - Na fase de adxudicación, sempre que estean vencelladas ó obxecto do contrato e formuladas dunha forma obxectiva con pleno respecto aos principios de igualdade, non discriminación, transparencia e proporcionalidade, e onde cómpre que a dimensión social sexa previamente incorporada na definición e delimitación do propio obxecto do contrato.
 - Na fase de execución, establecendo condicións especiais de execución e obrigas así como garantindo que os técnicos que elaboren os pregos e que se convirtan en responsables dos contratos salvagarden mediante os controis precisos a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos fixados no contrato.
2. Nos contratos onde se decida a inclusión das cláusulas sociais ou medioambientais na fase de adxudicación, procurarase na medida do posible ponderar estas de xeito que o factor prezo non supoña unha puntuación maior do 50% do total, sen prexuízo das modificacións deste como consecuencia das circunstancias globais intervincentes no contrato, debidamente acreditadas.
3. Aplicación da reserva de mercado contida na Disposición Adicional V do TRLCSP, así como tratar de reservar un porcentaxe dos contratos públicos a colectivos en risco de exclusión social, medida esta última especialmente adaptable para as administracións locais de menos de 5000 habitantes, pola elevado uso do contrato menor e do procedemento negociado.
4. Os contratos de prestacións directas aos cidadáns no ámbito social serán considerados dende unha estrita existencia de garantía de calidade e servizo en relación co obxecto do contrato con criterios tendentes á maior especificidade posible.
5. Tratar de non prorrogar os contratos vixentes e redactando cando expire cada un deles novos pregos que incorporen novas cláusulas de carácter social e medioambiental.
6. Medidas de control da subrogación nos contratos públicos.
7. Formación específica en introdución de cláusulas sociais e medioambientais na contratación pública ao persoal técnico e xurídico do Concello de Cuntis.
8. Valorar a elaboración dunha instrución municipal para a inclusión das cláusulas sociais e medioambientais na contratación pública do Concello de Cuntis, ou documento que consonte á lexislación vixente sexa o máis axeitado co obxecto de que sirva de guía e referencia aos técnicos municipais.

Cuntis, 11 de novembro de 2016